



## Concello de Lourenz

### ACTA

<b>Expediente nm.:</b>	<b>rgano colexiado:</b>
PLN/2020/7	El Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	18 de marzo de 2021
<b>Duracin</b>	Desde as 20:30 ata as 22:00 horas
<b>Lugar</b>	Saln de Sesins
<b>Presidida por</b>	rocio lopez garcia
<b>Secretario</b>	Begona Gonzlez Pedregal

#### ASISTENCIA  SESIN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	S
35312108R	AUREA MARA VZQUEZ ABAL	S
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRANA	S
34880827Q	ENRIQUE JOS ROCHA PREZ	S
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRGUEZ BARRERA	S
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	S
71865319W	MANUEL ARANGO RON	S
33844382C	MARIO LEITN RAMALLAL	S
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	S
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	S

## Concello de Lourenz





## Concello de Lourenzá

76580879X	rocio lopez garcia	SÍ
-----------	--------------------	----

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 19/11/20.

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data dezanove de novembro do dous mil vinte (19/11/2020), distribuída coa convocatoria, por parte do Sr.Rodríguez Barrera indicouse que na pregunta do BNG sobre o Mosteiro de San Salvador , díxerase que non necesitaba licenza de obra e isto non constaba en acta. Tanto por parte da Alcaldía como por parte do voceiro do BNG, Sr. Rocha Pérez, manifestouse que non fora así, que o único que se comentara era que estaban exentos do I.C.I.O.

A Sra. Alcaldesa indicou que se o dixera, fora un erro, pero que cría que non fora así ao que o Sr. Rodríguez Barrera manifestou que ó mellor enganárase él.

Aclarado o asunto, o borrador da acta de dita sesión foi aprobado por unanimidade dos presentes.

#### Expediente 69/2018. CESIÓN GRATUÍA Ó SERGAS DO CENTRO DE SAÚDE.

**Favorable**

Neste punto e unha vez vista e comentada a proposta da Alcaldía de data 20/11/2018, Visto que no expediente e de conformidade co artigo 110 do Regulamento de funcionamento do Servizo Municipal de Urbanismo e Planeamento Municipal, a proposta de cesión gratuída do Centro de Saúde de Lourenzá, a través do expediente 69/2018, consta da seguinte documentación:

- a) Nota simple do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo no que consta que a parcela é de titularidade do Servizo Municipal de Urbanismo e Planeamento Municipal.
- b) Certificado do secretario no que se acredita a cualificación do edificio do Centro de Saúde de Lourenzá.
- c) Informe da Secretaría-Intervención no que se fai constar que non hai débeda inscrita en favor do Servizo Municipal de Urbanismo e Planeamento Municipal.
- d) Informe da Alcaldía sobre a parcela no que se atopa o Centro de Saúde de Lourenzá.
- e) Informe do arquitecto técnico municipal no que se sinala que o ben obxecto da cesión gratuída do Centro de Saúde de Lourenzá, é de titularidade do Servizo Municipal de Urbanismo e Planeamento Municipal.

Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

f) Certificado de Secretaría, referente ó contido do Artigo 8.- Bonificacións da Orden  
E por isto ó Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez  
PRIMEIRO: Acordar a CESIÓN GRATUÍTA do Centro de Saúde de Lourenzá e a súa parcela  
CESIÓN GRATUÍTA do Centro de Saúde e a súa parcela ó Servizo Galego de Saúde (S  
cinco metros cadrados (445,00 m2), de planta baixa, sendo a súa descrición a segu

### DATOS DE LA FINCA

Finca Registral Núm.15672.

MUNICIPIO:LOURENZÁ.PARROQUIA.VILANOVA.Núm.SN-Paraje. Nombre finca: VEIGA I

*Parcela destinada a Centro de Salud.*

*En el término municipal de Lourenzá (Lugo) parroquia de Santa María ( Villanueva) y*

*- Norte, o izquierda, cauce o presa de los molinos de Palacios, según catastro, finca*

*-Sur, resto finca matriz (registral 8236 de este Ayuntamiento)destinada a aparcami*

*-Este, o espalda, más de Doña Trinidad López Fernández, hoy, sus herederos, según*

*- Oeste, con finca segregada destinada a piscina municipal(parcela con referencia c*

*Enclavada en esta parcela se encuentra el Centro de Salud de Lourenzá, de la super*

*Finca coordinada graficamente con catastro con fecha 2 de septiembre de 2020 co*

*SRID=25829.MULTYPOLYGON(637748.15;4814681.02;637748.74;4814682.38;6377*

*14687.66;637792.34;4814687.06;637781.45;4814666;637776;4814668.47;637750*

*Publicidad Bases Gráficas. CSV 22700535E9E039B2.*

TITULARIDADE: AYUNTAMIENTO DE LOURENZÁ, 100% de pleno dominio.

CARGAS DA FINCA: *Esta finca queda afecta durante el plazo de 5 años contados a p*

*Documentos relativos a la finca presentados y pendientes de despacho, vigente el a*

SEGUNDO.- Acordar á modificación da Ordenanza Núm.1 Reguladora do Imposto de

artigo 62.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado po

A modificación a incluír na citada ordenanza sería a introdución dun artigo 4º co seg

*"Artigo 4º.- Establécese a exención, a favor dos Centros Sanitarios de titularidade da Con*

*Dita modificación deberá ser exposta ó publico durante trinta días como m*

*Facendas Locais.*

O dito acordo de modificación entenderase elevado a definitivo se non se p

Locais.

TERCEIRO: De non producirse reclamacións entenderase acordada a cesión

CUARTO: Remitir o expediente completo á Comunidade Autónoma a efecto

QUINTO: Tal e como se sinala no artigo 111 do Regulamento de Bens das E

SEXTO: Anotar a cesión gratuíta no Inventario Municipal de Bens ao efecto


SÉTIMO: Asumir o compromiso de regular na ordenanza fiscal municipal a

OITAVO: Facultar á Alcaldesa ou a quen legalmente o substitúa para que su

NOVENO.- Achegar certificación do presente acordo ó Servizo Galego de S

**Expediente 564/2020.ACORDO CONCELLO MONDOÑEDO  
SOLICITUDE XUNTA PROLONGACIÓN IDADE ATENCIÓN TEMPERÁ.**

Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Visto o acordo adoptado polo Concello de Mondoñedo na sesión celebrada o pasado 31/10/2020 referente a instar á Xunta de Galicia a prolongación da idade de atención ós menores na Unidade de Atención Tempera e sendo o contido do mesmo o que se transcribe a continuación:

*"Vista a moción a que se fai referencia no enunciado presentada polo Partido Popular con data 28 de setembro de 2020, número de rexistro 3230, en relación coa prolongación da idade de atención ós menores na unidade de atención temperá. Toma a palabra a concelleira D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Angeles Rodríguez Rico, na súa calidade de voceira do Grupo Popular na Corporación de Mondoñedo, manifestando que esta proposta foi aprobada por unanimidade na Comisión Informativa de asuntos do Pleno celebrada o día 28 de outubro de 2020, e trátase de instar á Xunta de Galicia para prolongar a idade de atención ós menores no Centro de Atención Temperá, por considerar imprescindible a continuidade deste servizo para maiores de seis anos, tal e como se explica na propia moción. O portavoz do BNG. Manifesta a súa proposta a favor e propón que o goberno fale co resto dos concellos que dependen do Centro de Mondoñedo para que a solicitude se faga en conxunto. A portavoz do P.S. de G.-P.S.O.E. , D<sup>a</sup>. Esperanza González Martín manifesta o seu posicionamento a favor. Non habendo máis intervencións, o Pleno, por unanimidade dos membros presentes, adoptou o seguinte acordo:  
Instar á Xunta de Galicia a prolongar a idade de atención temperá ós menores no Centro de Atención Temperá."*

Visto o contido do acordo adoptado polo Concello de Mondoñedo, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes nese momento na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Apoiar o acordo adoptado polo Concello de Mondoñedo na sesión celebrada o pasado 31/10/20 e en consecuencia instar á Xunta de Galicia a prolongar a idade de atención temperá ós maiores de seis anos no Centro de Atención Temperá que se comparte co dito Concello.

**SEGUNDO.-** Achegar certificación do presente acordo ó Concello de Mondoñedo e á Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Facultala Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 95/2021. ADHESIÓN, SE PROCEDE, A INICIATIVA**

**Concello de Lourenzá**





## Concello de Lourenzá

### EUROPEA DO PACTO DAS ALCALDÍAS PARA O CLIMA E A ENERXÍA.

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentim  
ento

Chegado este punto da orde do día, pola Alcaldía informouse da conveniencia de adherirse ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a enerxía que a Comisión Europea puxera en marcha no ano 2008 para involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns o desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea e así,

Visto que A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto das Alcaldías (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO<sub>2</sub> a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

Visto que a partir do éxito do Pacto das Alcaldías, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

Visto que o 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO<sub>2</sub> no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Visto que para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos

**Concello de Lourenzá**





## Concello de Lourenzá

dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;
- 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

Visto que o Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Visto que sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

Visto que A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Visto que pola Alcaldía, coñecedora da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde/Alcaldesa do Concello de Lourenzá recoñecese que o compromiso esixe:

1.-Un liderado político forte:

a)Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.

b)Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;

2.-Un enfoque territorial integral e intersectorial.

3.-A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

## Concello de Lourenzá







## Concello de Lourenzá

a) O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.  
b) O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.

4.- Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.

5.- A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.

6.- Revisar periodicamente as nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello, despois dun breve debate no que por parte do voceiro do B.N.G. Sr. Rodríguez Rocha comentouse que algúns dos puntos indicados no pacto podería resultar de difícil cumprimento para un concello pequeno como Lourenzá con pouco máis de dous mil habitantes, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, ACORDA:

PRIMEIRO.-A ADHESIÓN do Concello de Lourenzá ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea e polo tanto SUMARSE ao PACTO DAS ALCALDÍAS PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, adquirese o compromiso de:

1.-Reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.

2.-Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.

3.-Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.

4.- Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto das Alcaldías para a supervisión e verificación do proceso.

5.-Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.

6.-Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

7.-Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.

8.-Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.

9.-Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

SEGUNDO.-Facultar a Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García a representar ao Concello na sinatura do Pacto das Alcaldías e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.

### Expediente 95/2019. PROPOSTA ALCALDÍA ERRO BONIFICACIÓN LIXO 2º-3º-4ºTRIMESTRE 2020.

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentime  
nto

Vista a proposta da Alcaldía de data 09/03/2021, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía nos termos nos que está redactada que son os que se transcriben literalmente a continuación:

*“Á vista do acordo plenario celebrado o día 21 de novembro de 2019, no que se refire á bonificación do Canon-Sogama e repercusión na taxa de recollida de residuos sólidos urbanos, e levando a cabo a modificación da Ordenanza Fiscal Núm. 7, reguladora da Taxa de Recollida de Residuos sólidos Urbanos, coa introdución dunha Disposición Adicional, na que se establece a bonificación nun 13.50% no importe da tarifa de residuos sólidos urbáns do cuarto trimestre do exercicio 2019 para os beneficiarios do servizo, equivalente á bonificación do 10% no canon unitario de SOGAMA (Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.), por concorrer as circunstancias económicas de cumprimento dos obxectivos orzamentarios e as previsións do plan de viabilidade.*

*Visto que debido a un erro na confección dos recibos na Taxa de Residuos Sólidos urbanos aplícase esa bonificación de 13.50% aos recibos do 1º, 2º e 3º trimestre de 2020, e á vista de todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía,*

*PROPÓN aprobar un desconto do 13,50% nos recibos correspondentes ao 1º, 2º e 3º trimestre do ano 2020, e en*

## Concello de Lourenzá







## Concello de Lourenz

*consecuencia a adoptar o acordo de non proceder ao cobro da bonificacin aplicada indebidamente na taxa de residuos slidos urbanos aos usuarios deste servizo durante o 1, 2 e 3 Trimestre do 2020, debido  crise econmica que estamos a sufrir dende o comezo da pandemia da Covid-19 a comezos do ano 2020. Non obstante, o Pleno da Corporacin acordar o que estime procedente. Segue sinatura."*

### **Expediente 134/2021.MODIFICACIN ORDENANZA FISCAL NM.14 REGULADORA TAXA SERVIZO MUNICIPAL MERCADO**

**Favorable**

**Tipo de votacin:**  
Unanimidade/Asentimento

Neste punto e unha vez que pola Alcalda se tivo explicado  Pleno sobre a modificacin que se propona e que algn aspecto o detectaran con motivo da pandemia como o feito de non cobrar se non se celebraba a feira, e concido o contido da sa proposta, que transcrita literalmente era do seguinte tenor:

*"En uso das competencias locais reconecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitucin, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Rxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relacin cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello considera oportuno e necesario a modificacin da Ordenanza fiscal Nm. 14, Reguladora da taxa polo Servizo Municipal do MERCADO, debido a que hai algunhas tarifas que non aparecen recollidas na mesma, como  a tarifa reducida, se pagara por adiantado, o posto de Pulpera, bar e churrasquera, e polo tanto proponse unha porcentaxe de reducin similar o que se fixera no resto das tarifas (que ascende aproximadamente un 36%) e por outro lado, como consecuencia da crise econmica provocada pola Covid-19 faise tamn necesario regular situacins como no caso de que non se poidan celebrar feiras por causas imputables  Concello.*

Para ese efecto, PROPONO a modificacin inclusin da seguinte tarifa:

**PRIMEIRO.-** A inclusin do seguinte apartado no artigo terceiro, na tarifa nica:

**2.a.4.-**Tarifa anual para a explotacin do servizo de Pulpera, bar e churrasquera: 3.120 euros anuais.

**SEGUNDO.-** Engadir outro apartado no artigo terceiro, que sera o apartado 3 coa seguinte redaccin:

*"3.-No caso de que, por causas imputables  Concello, non se puidera celebrar o Mercado, os feirantes que tiveran abonado por adiantado a tarifa para todo o ano, tern dereito, previa solicitude,  devolucin da parte proporcional s das nos que as instalacins permaneceran pechadas."*

**TERCEIRO.-** Modificar o artigo 8, e onde d:"O Censo de comerciantes ser o que se forme con data 1 de xaneiro de 1995", deber dicir: "O censo de comerciantes ser o que se forme con data 1 de xaneiro de cada ano".

O Pleno, en votacin ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes nese momento na sesin, sendo o seu nmero legal de once, ACORDA

**PRIMEIRO.-** A Modificacin da Ordenanza fiscal Nm. 14, Reguladora da taxa polo Servizo Municipal do MERCADO, coa inclusin do seguinte apartado no artigo terceiro, na tarifa nica:

**2.a.4.-**Tarifa anual para a explotacin do servizo de Pulpera, bar e churrasquera: 3.120 euros anuais.

**Concello de Lourenz**





## Concello de Lourenzá

**SEGUNDO.-** Engadir outro apartado no artigo terceiro, que sería o apartado 3 coa seguinte redacción:

“3.-No caso de que, por causas imputables ó Concello, non se puidera celebrar o Mercado, os feirantes que tiveran abonado por adiantado a tarifa para todo o ano, terán dereito, previa solicitude, á devolución da parte proporcional ós días nos que as instalacións permaneceran pechadas.”

**TERCEIRO.-** Modificar o artigo 8, e onde dí:“O Censo de comerciantes será o que se forme con data 1 de xaneiro de 1995”, deberá dicir: “O censo de comerciantes será o que se forme con data 1 de xaneiro de cada ano”.

**CUARTO.-** Someter o acordo plenario ós requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante trinta días como mínimo, e anunciálo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa o art. 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**QUINTO.-** As modificacións das Ordenanzas Fiscais aprobadas entrarán en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirán en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**SEXTO.-** Elevar a definitivo o acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza modificada haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo dispón o número catro do mesmo artigo e Lei xa citados.

### **Expediente 236/2020. PADRÓN MUNICIPAL HABITANTES A 01/01/2020.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Neste punto do orde do día, e unha vez se tivo explicado, a instancia do Sr. Rocha Pérez, voceiro do B.N.G., a diferenza existente, de dous

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

persoas, entre o Padrón Municipal e o Instituto Nacional de Estadística que fixa a poboación en 2.139, deuse conta das cifras resultantes da revisión do Padrón Municipal de Habitantes Concello de Lourenzá, co resume numérico da poboación do termo municipal totalizado á data de 1 de xaneiro do 2020, tal e como se interesa pola Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estadística, coas seguintes cifras:

### 1.- VARIACIÓNS NO NÚMERO DE HABITANTES:

CONCEPTO	TOTAL	HOMES	MULLERES
Poboación do municipio a 01/01/2019	2.139	1.040	1.099
Altas de 01/01/19 a 01/01/20	94	49	45
Baixas de 01/01/19 a 01/01/20	92	48	44
Variacións por erro en el sexo: Altas/Baixas	0	0	0
Poboación Municipio a 01/01/2020	2.141	1.041	1.100

### 2.- CAUSAS DE VARIACIÓN NO NÚMERO DE HABITANTES:

CONCEPTO	NACEMENTOS/ DEFUNCIÓN	CAMBIOS RESIDENCIA		OMISIONS/ INSCRICIÓN INDEBIDA
		De/a outro municipio	De/ó estranxeiro	
Altas residentes no Municipio	15	66	0	13
Baixas residentes no Municipio	29	62	1	0

### 3.- ALTERACIÓN MUNICIPAL POR CAMBIO DE DOMICILIO DENTRO DO CONCELLO:

CONCEPTO	TOTAL	HOMES	MULLERES
Cambios domicilio(secciones del municipio)	10	3	7

O Pleno da Corporación , por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, conformou as cifras do Resume numérico de referencia.

### Expediente 593/2020. ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PRESUPUESTO 2021.

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimen  
to

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

Iniciado este punto do orde do día, a Alcaldía explicou que xa virase o proxecto do presuposto na Comisión de Contas e aberto o debate, tomou a palabra o Sr. Rodríguez Barreira, voceiro do P. Popular, quen indicou que o seu grupo ía votar en contra duns orzamentos alegando o seguinte:

*“ O ano pasado viñeron aquí no mes de Marzo cos mesmos presupostos que veñen hoxe, e xa lles dixemos que eran o mesmo ano tras ano. Polo tanto se daquela nos pareceron 4 anos nefastos para Lourenzá, que podemos dicir agora, despois do terrible ano 2020 e non menos esperanzador 2021. Só pensar que a primeiros do ano 2021 xa estamos a falar, non de 5 anos nefastos, senón de 6, pois créanos que se non fai moi difícil entender a súa xestión. Resulta que polo mes de maio do 2020 xa lles dixemos, en plena pandemia, que os presupostos se xa non valían antes, naquel momento, menos aínda. Dixeron que non habería novos presupostos, que estaba todo ben, pero claro este ano xa vemos que non estaba todo ben. A pandemia continúa e a crise económica vai ser de agárrate, pero vostedes seguen na mesma, da igual que haxa unha pandemia que unha guerra. Vostedes fan un copia e pega e veña para adiante, non hai plan B nin C, nin nada. Seguimos perdendo poboación, e perderíamos máis, se moitos non se empadroaran aquí para poder escapar dos distintos confinamentos debido ó Covid. Fai pouco, sóbose que fomos o Concello da Mariña onde máis aumentou o paro. ¿Serían estas as políticas socialistas de emprego que nos prometeu o portavoz do equipo de goberno fai uns anos?. Pois calcounas ás do señor Zapatero.*

*Como xa lles dixemos o ano pasado, segue sen haber medidas para fixar poboación, nin para apoiar o comercio local, nin á nosa agricultura e gandería, e moito menos un plan de emprego municipal serio (máis aló de contratar persoal en precario a través dos distintos programas da Xunta e Deputación),*

*Polo menos agradecemos que, despois da crítica que lle fixemos o ano pasado, rectificaran e este ano, parece que vai haber obradoiro de emprego e unha pequena brigada de incendios. Moitas gracias. Un dato, as partidas orzamentarias para o 2021 destinadas ó fomento de emprego, para comercio, turismo e ás pequenas e medianas empresas, ascende a 101.400,00 €, e por contra, o gasto previsto para o deporte é de 191.600,00 €. Parece ser que imos comer do deporte, sendo este moi importante socialmente, na situación actual do país e do noso pobo en particular, o primeiro é ter saúde, pero despois traballar, en definitiva, priorizar.*

*Pensamos que ir á Xunta de Galicia e pedir 50.000,00 €, para unhas*

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

*luces novas do campo de fútbol, e ter máis parados e as poucas empresas e autónomos que nos quedan sufrindo moito, pois que é unha frivolidade. Por certo, aínda que este grupo non comparte esta imperiosa necesidade que teñen vostedes de iluminarnos tanto, apoiámolo investimento ante o noso Delegado da Xunta, xa que, mellor iso que nada, pero esperemos que para a próxima vez saiban priorizar mellor.*

*Outro dato máis, partidas orzamentarias de agricultura e gandería, 0€, e as de enerxía e industria, 2.100,00 €, tremendo.*

*Foron pedirlle á Deputación o depósito de incendios que non fixeron no ano 2017 pola súa mala xestión, e que por riba nos costou cartos por facer tarde a devolución da subvención.*

*Podendo estar feito daquela e agora pedir para outras necesidades máis urxentes ca esa, como por exemplo o cobertizo para que os nosos nenos non se teñan que mollar á entrada do colexio, recórdolles que ó acabar a lexislatura pasada dixeron que o ían a facer vostedes co presuposto municipal. Mesmo o levaban no programa electoral pero non foron capaces de facelo o ano pasado, porque viron máis prioritario gastar noutras cousas, como luces e adornos de Nadal, por exemplo. Este ano esperemos que o faga a Xunta de Galicia, temos o compromiso de que así será. Ista obra si que lla pedimos ó noso delegado dado a súa importancia e necesidade, esta si. Igual ca de facer melloras enerxéticas no colexio.*

*Este grupo municipal pídelles que hoxe máis ca nunca temos que priorizar, deixar de gastar en cousas superfluas e centrarse no verdadeiramente importante, xa nos ofrecemos o ano pasado a reunirmos con vostedes para axudar no que poidamos, para aportar ideas, para saír o mellor posible da situación na que estamos e sobre todo no que vai vir no futuro. Esta situación aféctanos a todos, por iso tendémoslles a man de novo, para que fagan uns presupostos participativos de verdade. Iso que proclamaban nos seus programas electorais. Agora ben, xuntarnos como nos xuntamos, para dicirnos que non ha presuposto para facer nada, e o que é peor, o único que saíu daquel reunión foi mercarlle ós nosos autónomos e comerciantes unhas garrafas de xel hidroalcohólico, que foron entregadas case a final do ano, e con propaganda incluída aínda por riba. Pois non, para iso, non conten con nós.*

*Este grupo sinte moito que practicamente todo siga igual, que pouco cambiara nestes anos, nós sempre insistiremos en prestar colaboración e ofertar diálogo. De votedes depende ternos ó lado ou en fronte. Recorden este proverbio: " O sabio pode sentarse nun formigueiro, pero só o parvo queda sentado nel".*

## Concello de Lourenzá







## Concello de Lourenzá

A continuación tomou a palabra o voceiro do equipo de goberno, Sr. Arango Ron, dicindo que o discurso do concelleiro do P. Popular era como o do todos os anos, que o normal era que non lle gustasen os presupostos, o raro sería que lle gustaran, iso lles sorprendería e asustaría un pouco, e o que lle sorprendía era o que dicía de pedir axuda para melloras no Colexio, que ó mellor non sabía que fora o Colexio da Comarca que menos investimentos tivera en todos estes últimos anos, que case todos os colexios tiveran reformas integrais (calefaccións, portas, peches, accesos etc.), e no de Lourenzá fixéranse poucas e mal feitas como a da instalación eléctrica, ao que o Sr. Rodríguez Barrera contestoulle que se pedían corenta mil euros para as luces para o campo de fútbol non lle ían a poñer unha caldeira e que deberían volver a pedila.

O Sr. Arango indicou que xa a volveran a pedir e que estaban esperando o traballo do P. Popular para que contribuísen a que viñeran investimentos da Xunta para Lourenzá que cando a oposición era o partido socialista, conseguíanse cousas coa Deputación Provincial.

O Sr. Rodríguez Barrera indicou que el apoiara a petición do colexio e que, por suposto, tamén quería todo o que viñera para o pobo, fixera quen o fixera.

A continuación tomou a palabra a Sra. Alcaldesa para dicir que polo que se refería a cuberta do colexio era unha necesidade importante e real que viña pedíndose dende facía varios anos, informando que eles foran a pedila ó delegado, que agardaba o seu compromiso e que se alegraba e agradecía que o grupo popular tamén o apoiaran e fixeran forza para conseguila. Continuou dicindo que o Sr. Rodríguez Barrera en canto a que os presupostos eran os mesmos de sempre, seguía coa mesma ladaíña de sempre, que era máis do mesmo, cando este ano tíñanse incluído cousas que, por distintas circunstancias, non foran o ano pasado, como a Brigada de Incendios, coa que ían contratar cinco brigadistas, ou o Obradoiro de Emprego con Barreiros e Trabada, que por certo, neste último, tamén agradeceríalles que botaran unha man para que o concederan. Tamén incrementaran a partida de fomento de emprego do Plan Único da Deputación para poder meter máis xente a traballar.

En canto a RPT, era verdade que en seis anos aínda non a tiñan rematada pero que non ían tan mal, xa que o Partido Popular estivera moitos máis anos e nunca fixera nada e que consideraba que, dado as circunstancias actuais e o tipo de concello, os presupostos eran bastante realistas, baseadas nas necesidades do municipio e que estrañáballe que se ían a facer actuacións e cousas

## Concello de Lourenzá







## Concello de Lourenz

para os vecios e para o pobo de Lourenz, que nos os aprobasen, contestndolle o Sr. Rodrguez Barrera que cra que non eran moi distintos dos do ano pasado, que el era partidario de que se fixeran cousas pero que diferan nas actuacións a incluír neses orzamentos O Sr. Arango Ron rematou dicindo que facendo un resume do que eran as subvencios, nos investimentos a aportacin da Deputacin era de 360.000,00 euros, o dobre que a da Xunta, que ascenda a 190.000,00 euros.

Finalmente, pola Alcalda deuse por rematado o debate, e o Pleno, en votacin ordinaria e con seis votos a favor, do grupo municipal do P.S. de G.-P.S.O.E., dos en contra, dos concelleiros do P. Popular presentes nese momento na sesin e das abstencios, dos concelleiros do B.N.G., adoptou os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-**Aprobar inicialmente o Presuposto desta Entidade para o exercicio do 2021, quedando a sa conta fixada, tanto en GASTOS como en INGRESOS, nun total de DOUS MILLONS CINCOCENTOS NOVENTA MIL EUROS (2.590.000,00) EUROS, asignando a cada un dos captulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS		
CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
1	GASTOS DE PERSONAL	1.025.900,00
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS	605.700,00
3	GASTOS FINANCIEROS	3.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	256.200,00
6	INVERSIONS REAIS	677.200,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	22.000,00
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>2.590.000,00</b>

ESTADO DE INGRESOS		
CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
1	IMPOSTOS DIRECTOS	685.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	25.000,00
3	TAXAS, PREZOS PUBLICOS E OUTROS INGRESOS	244.600,00
4	TRANSFERENCIA CORRENTES	1.034.400,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	15.800,00
6	ENAXENACION DE INVERSIONS REAIS	100,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	585.100,00

## Concello de Lourenz





## Concello de Lourenzá

8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL INGRESOS		2.590.000,00

SEGUNDO.- Aprobar igualmente as Bases de execución de dito Presuposto.

TERCEIRO.- Aprobar, de conformidade co disposto no artigo 126.1 do Real Decreto 781/86 de 18 de abril, en relación co art. 90 da Lei 7/85 de 2 de abril, o cadro de persoal que comprende tódolos postos reservados a funcionarios e persoal laboral.

CARTO.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

QUINTO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, xuntamente co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo o disposto nos artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril e 169.3 do referido Real Decreto Legislativo 2/2004, e noutro caso procederase de conformidade con previsto no número 1 deste último artigo.

SEXTO.- Que de conformidade co número catro do mesmo artigo, se remita copia do referido Presuposto á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

SÉTIMO.- Faculta-la Sra. Alcadesa para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.


**Expediente 116/2021. OBRADOIRO SERRA DA CADEIRA  
VI:RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA DE 26/02/21 DE  
SOLICITUDE E ENCOMENDA DE XESTIÓN NO CONCELLO DE  
TRABADA.**

**Favorable**

**Tipo de  
votación:  
Unanimidade/Asen**

**Concello de Lourenzá**

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506



Cod. Validación: 4KWS6KHYYCSPH9QSCRXYXJKEJ | Corrección: <https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 37



## Concello de Lourenzá

timento

Neste punto e visto o contido da Resolución da Alcaldía de data seis de febreiro do 2021 no que se acorda aprobar o Proxecto do Obradoiro Serra da Cadeira VI xunto cos concellos de Trabada e Barreiros e solicitar á Consellería de Emprego e Industria a axuda económica correspondente, delegando no concello de Trabada a tramitación do expediente, O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Ratificar a Resolución da Alcaldía nos termos nos que está redactada e que son os que se transcriben a continuación.

*“Dona ROCIO LÓPEZ GARCIA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente, ao abeiro da ORDEN de 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, e coñecido o contido de dita Orde e visto o proxecto formativo para a creación dun Obradoiro de Emprego compartido cos Concellos limítrofes de Barreiros e Trabada, así como a memoria valorada dos tratamentos silvícolas de conservación de montes, zonas verdes e camiños forestais redactada polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Jesús López Penabad, vista a necesidade da adopción urxente do acordo posto que a data límite e o vindeiro 03/03/2021 e o pleno ordinario celébrase o próximo 18 de marzo do ano en curso, VEN A RESOLVER:*

**Primeiro.-** Aprobar o Proxecto do Obradoiro de Emprego SERRA DA CADEIRA VI, a realizar conxuntamente polos Concellos limítrofes de Barreiros, Trabada e Lourenzá, e que comprende a especialidade da familia profesional Agraria *“Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)”*, á vez que se delega no Concello de Trabada a tramitación ante a Consellería de Emprego e Igualdade da solicitude de axuda económica correspondente, e no seu caso, a posterior xestión do programa formativo ao abeiro da Orde da CONSELLERÍA DE EMPREGO E INDUSTRIA do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021. (DOG. Nº. 22 do mércores 3 de febreiro de 2021).

**Segundo.-** Aprobar a memoria valorada dos tratamentos silvícolas de conservación de montes, zonas verdes e camiños forestais redactada polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Jesús López Penabad de data febreiro 2021 e cun presuposto de execución que ascende a dezaoito mil cincocentos oitenta euros con noventa céntimos (18.580,90 €)

**Terceiro.-** Comprometerse, no caso de que concedan a subvención, ao cumprimento das obrigacións establecidas na Orde xa citada e ao abeiro da que se solicitou subvención así como do resto da normativa aplicable.

**Cuarto.-** En cumprimento do establecido no artigo 18.1.d) da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR353A) para a posta en funcionamento do programa mixto de emprego e formación SERRA DA CADEIRA VI, A entidade que represento non solicitou nin, en consecuencia, lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención para o mesmo proxecto ou finalidade polas distintas administracións públicas competentes ou entes públicos nacionais ou internacionais.

**Quinto.-** Que, en relación ao Proxecto do Obradoiro dual de Emprego *“Serra da Cadeira VI”*, de data Febreiro/2021, redactado Enxeñeiro Técnico Forestal D. Jesús López Penabad, no Presuposto Municipal do presente exercicio 2021, na partida 170.210 e 170.221 de Gastos,

Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

existe consignación presupostaria suficiente para facer fronte, con fondos municipais, á parte do custo de dito proxecto que non sexa subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

*Sexto.- Ratificar a presente resolución na próxima sesión plenaria, así como a encomenda de xestión ao Concello de Trabada.*

*Mándao e asínao, en Lourenzá a vinte e seis de febreiro do dous mil vinte e un."*

**SEGUNDO.-** Realizar, no Concello de Trabada, unha encomenda de xestión para a solicitude e xestión administrativa da subvención para o Obradoiro dual de Emprego Serra da Cadeira VI.

**TERCEIRO.-** Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

### **MOCIÓN DA COORDINADORA GALEGA POR UN REPARTO XUSTO DOS FONDOS EUROPEOS PARA INSTAR AO PARLAMENTO DE GALICIA E AO GOBERNO GALEGO A MANTER E AMPLIAR AS GARANTÍAS LEXISLATIVAS AMBIENTAIS , A TRANSPARENCIA E O ACCESO Á DOCUMENTACIÓN PÚBLICA DAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS GALEGAS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Ordinaria  
A favor: 8, En  
contra: 2,  
Abstencións:  
0, Ausentes:  
1

Neste punto, deuse conta da Moción da Coordinadora Galega por un reparto xusto dos Fondos Europeos, e que neste concello foi presentada polo Sindicato Labrego Galego, o día 19/02/2021 , sendo rexistrada de entrada con núm.61 e na que se solicita que se adopte acordo para instar ao Parlamento de Galicia e ao Goberno Galego a manter e ampliar as garantías lexislativas ambientais, a transparencia e o a acceso á documentación pública das iniciativas empresariais galegas.

Advertíndose polos dous voceiros da oposición que o texto da moción no constaba na documentación da convocatoria, este foi lido integramente polo Sr. Arango Ron, voceiro do equipo de goberno , e unha vez lido e coñecido o seu contido, o Sr. Rodríguez Rocha, voceiro do B.N.G., indicou que o texto estaba moito coa liña do seu partido e que votarían a favor, así pois, sometida a Moción a votación, o Pleno, en votación ordinaria e con oito votos a favor, seis do P.S.de G.-P.S.O.E. e dous do BNG e dous en contra, do Partido

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

Popular, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Moción da Coordinadora Galega por un reparto xusto dos Fondos Europeos arriba referenciada, sendo o seu contido literal o que segue:

“MOCIÓN PARA INSTAR AO PARLAMENTO DE GALICIA E AO GOBERNO GALEGO A MANTER E AMPLIAR AS GARANTÍAS LEXISLATIVAS AMBIENTAIS, A TRANSPARENCIA E O ACCESO Á DOCUMENTACIÓN PÚBLICA DAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS GALEGAS.

Ao abeiro do regulamento orgánico municipal preséntase a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou a principios de novembro unha nova “Lei de Reactivación económica de Galicia”, argumentando a súa necesidade na procura dunha axilización dos trámites administrativos que ata o de agora veñen sendo requiridos na creación de empresas e que, segundo afirma, implican certos obstáculos e solapamentos innecesarios, así como duplicidades legais e administrativas.

Chama a atención que fose o propio Feijóo , como presidente do goberno galego, quen impulsara con obxectivos ou fins similares, as actuais leis que agora semella considerar insatisfactorias.

A primeira delas foi a Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica, orixe de toda unha serie de normativas que apostan por facilitar a implantación de “calquera actividade con seguridade xurídica”. Esta lei, chegou a ser modificada en catro ocasións.

Apenas tiveron que pasar dous anos para que se aprobara unha nova Lei 1/2015 de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración, coa que se colocaba o foco na axilización dos procedementos administrativos para que a “tramitación administrativa non fose un problema”, tal e como expresaba o mesmo Feijóo cando insistía de novo na necesidade de ofrecer ás empresas unha maior “seguridade xurídica” para instalarse en Galicia.

E outros dous anos máis tarde, aínda sería preciso aprobar unha última Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais, amplamente criticada, e popularmente coñecida como “Lei de depredación de Galicia”, coa que teimaba na procura de “seguridade xurídica”, e na constitución dun “marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza” para seguir apoiando ás empresas. Unha Lei que, en menos de tres anos, precisou ser modificada en tres ocasións.

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

Malia as consistentes ansias legislativas que pretenden garantir a tan anhelada “seguridade xurídica, co anuncio desta nova lei de “reactivación”, o goberno galgo demostra non estar plenamente satisfeito, nin coa simplificación de trámites , nin coas facilidades concedidas ás empresas para instalarse no noso país. Tal é así, que o presidente volve a esgrimir compulsiva e obstinadamente os mesmos argumentos, como a “diminución da xestión burocrática da Administración pública autonómica”.

Tendo en conta os antecedentes do corpo legislativo de Feijóo, e os efectos que teñen provocado no territorio galego, non sorprende que o tecido asociativo veciñal, ambientalista e social sospeite das intencións que motivan ao goberno da Xunta e do Partido Popular a levar adiante a súa propostas. Por todo o país, esténdese a desconfianza cara un goberno que, coa súa lexislación, procurou amparar proxecto de megaminería ou permitir a instalación de vertedoiros en núcleos rurais habitados.

Numerosos colectivos de base consideran que o auténtico propósito da Xunta é o de restrinxir, e mesmo eliminar, o dereito de acceso á documentación pública sobre determinadas iniciativas empresariais, social e ambientalmente agresivas, que ao Partido Popular tanto lle gusta amparar, cando non incentivar. Témesese polo tanto, que a aplicación desta Lei amplíe aínda máis a “barra libre”, que en grande parte existe xa hoxe, facilitando o desenvolvemento de proxecto en espazos agora abandonados e desprotexidos, como canteiras, para seren transformados en vertedoiros, ou para reactivar explotacións mineiras capaces de apropiarse e de esgotar os recursos todos, causando graves prexuízos á sociedade e o territorio. Un medo xustificable no marco do escurantismo e a opacidade cos que a Xunta está a tratar a chegada dos fondos europeos de reconstrución á Galicia, como evidencia o anuncio de máis de 100 proxectos dos que pouco o nada se ten informado. Resulta inevitable deducir que esta nova lei ven reforzar a mesma estratexia , para axustarse aínda máis “a medida” dos intereses empresariais representados nestes proxectos.

Co pretexto da simplificación de trámites, semella que o presidente Feijóo trata de dar resposta ás esixencias das grandes corporacións antes que ás necesidades da poboación galega, como a saúde, a educación, ou mesmo un investimento empresarial rigoroso e efectivo. Baixo as habituais metáforas coas que bautizan as súas leis, disimulan intencións que, moitas veces, van xusto no sentido contrario ás estratexias da propia UE, como por exemplo, no investimento verde, que en Galicia, se sitúa claramente por baixo da media europea e do Estado. Tampouco resultan admisibles nin a

## Concello de Lourenzá







## Concello de Lourenzá

opacidade que afecta á toma de decisións e aos criterios que se aplican no reparto, nin a ausencia do imprescindible debate público e informado, no que se deberían poder identificar os proxectos prioritarios para empregar eses fondos de reconstrución.

O xeito de camuflar os resultados das políticas de desenvolvemento económico non é novo. Porén, nin todo este armazón normativo, nin a propaganda da Xunta de Núñez Feijóo, son quen de ocultar a evidencia dos datos, que indican unha continua perda do peso económico de Galicia no conxunto do Estado. Fronte ao Norte de Portugal, continúan as deslocalizacións de empresas e a captación de capital estranxeiro non fai máis que baixar. E todo isto, non é máis que o resultado dunha política económica incapaz de aproveitar as potencialidades do país, que deixa fuxir valiosas oportunidades, e caracterízase polos recortes orzamentarios que destacan no ámbito do desenvolvemento económico, entre outros moitos, como se pode ver reflectido nos gráficos elaborados cos datos da propia administración galega.

Os colectivos e organizacións que apoiamos esta moción, entendemos que o pobo galego debe ser quen decida, de maneira máis plural e representativa, sobre a xestión e uso do seu patrimonio territorial, así como dos recursos financeiros dos que dispoña para activar a súa economía. Por iso, non podemos tolerar que o actual Goberno da Xunta, traizoando o mandado democrático que lle foi cedido pola cidadanía galega a través das urnas, e por un período de catro anos, hipoteque unha parte importante dese patrimonio territorial e desbalda os inxentes recursos financeiros Next Generation que virán para Galiza dende a Unión Europea, para beneficiar o negocio dunhas poucas empresas en detrimento do conxunto da cidadanía. Ben ao contrario, é a cidadanía a que debe dispoñer deses fondos para afrontar a recuperación dunha crise excepcional que ameaza os alicerces da nosa economía e dos nosos principais sectores produtivos, e tamén para prepararse adecuadamente perante os importantes desafíos que condicionarán a vida das xeracións futuras, como o cambio climático ou a inminente escaseza de petróleo e outros combustíbeis fósiles dos que a nosa sociedade é tan dependente.

Así pois, tendo en conta o anterior, solicítase aprobar o seguinte ACORDO:

### A) INSTAR AO PARLAMENTO DE GALICIA A:

1.- Retirar a Lei de Simplificación Administrativa e Reactivación Económica tal e como está redactada, e redactar un novo texto de consenso entre os grupos políticos do Parlamento de Galicia, que garanta o cumprimento de todas as garantías ambientais e de

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

transparencia e acceso á información pública sobre calquera iniciativa empresarial ou doutro tipo e en todas as normativas legislativas futuras que se aproben.

2.- Aprobar un novo marco normativo para unha transición enerxética xusta e democrática, no que sexa garantida a participación pública, a participación cidadá e a preservación dos valores paisaxísticos, ambientais, sociais e culturais do territorio.

### B) INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A:

1.- Artellar fórmulas de participación para que a cidadanía á que se debe sexan quen decida que fai cos seus recursos territoriais e en que inviste os fondos Next Generation.

2.- Facer pública a composición do “comité de expertos” que lle asesora para o reparto dos fondos Next Generation, e amplialo de maneira que a súa composición sexa o máis representativa posíbel da sociedade galega, incluíndo, ademais de representantes do sector industrial, tamén os doutros sectores coma o pesqueiro, o agrario, o forestal, as pemes, ONG`s, e todos os colectivos e organizacións dos movementos sociais que o requiran.

3.- Procurar que os investimentos dos fondos Next Generations para a reactivación económica respondan a criterios reais de sustentabilidade económica, social e ambiental, e sexan postos ao servizo do ben común e non dunha elite económica.

4.- Facer pública a relación de propostas que van ser financiadas cos fondos de reconstrución europea e os seus expedientes, así como os criterios de selección das mesmas e dar a posibilidade de sometelos a información e participación pública da cidadanía.

C) Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia así como ao tecido ambiental, social e veciñal do Concello.

SEGUNDO.- Achegar certificación do presente acordo ós órganos que se sinalan na mesma para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

### **Outras Peticións: MOCIÓN BNG SOBRE O MOSTEIRO DE SAN SALVADOR.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Neste punto e dado que tratouse conxuntamente co punto núm.13 da orde do día, en primeiro lugar transcríbense ámbalas dúas

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

mocións para despois pasar ó debate do asunto obxecto das ditas mocións:

### 1.-MOCIÓN DO BNG.EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

*Durante os pasados meses, as obras que se están a realizar no teito do Mosteiro de San Salvador son un tema recorrente no concello entre todos os nosos veciños/as.*

*As obras que se están a realizar son a todas vistas obras que non lle entran en gusto a ninguén. Polo que traballar para que esa coñecida chapa bote o menor tempo posible no teito do mosteiro é de vital importancia.*

*Debemos facer unha fronte institucional común para esixir que o noso patrimonio esteña nas condicións que merece estar por ser un símbolo patrimonial e cultural diferenciador na comarca.*

*Así como unha fronte común dos 3 partidos con presenza política no concello que traballe, conxuntamente cos movementos veciñais, en que o Mosteiro de San Salvador pase a dominio público, dirixido polo concello para o uso e beneficio dos veciños/as, co apoio económico de institucións superiores como a Deputación Provincial, Xunta, Patrimonio...*

ACORDO:1º) Que o Pleno da Corporación:

*-Instar a Xunta de Galicia a redución o máximo posible do tempo de 4 anos que hai previsto que as chapas esteñan colocadas no teito do Mosteiro.*

*- Instar a todas as institucións superiores, así como ó Bispo de Mondoñedo, de que o Mosteiro de San Salvador deber pasar a uso e mans públicas.*

### 2.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DIRIXIDA Ó CONCELLO DE LOURENZÁ PARA QUE INICIE OS TRÁMITES NECESARIOS PARA CONSEGUIR A CESIÓN DO MOSTEIRO DE SAN SALVADOR. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*Na actualidade estanse a executar obras de urxencia na cuberta do Mosteiro de San Salvador debido ó seu deplorable estado de conservación. Ditas obras distan moito de ser o ideal para a conservación e posta en valor do principal monumento de Lourenzá.*

*Como ben se recorda na páxina web do Concello, os primeiros datos da súa existencia son do ano 947 , e foi declarado monumento histórico-artístico no ano 1974, sendo un referente do Barroco Galego. Cada campaña electoral, o seu arranxo, é un tema recorrente e que aparece en tódolos programas electorais dos diferentes grupos políticos Por iso, se entende menos que chegara ó seu lamentable estado de conservación. Se todos estamos de acordo en que hai que restauralo e buscar un uso público do mesmo, sendo esta a vontade da maioría dos nosos veciños, menos se entende a deixadez actual.*

*O mosteiro ten que voltar a ser un referente importante para Lourenzá, tanto economicamente como socialmente, como xa o foi na súa época. Ten que servir para a xeración de emprego con diferentes usos, sociais, turísticos etc.... E como non, ser un referente cultural.*

*A recuperación do Mosteiro ten que ser unha labor na que participemos*

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

*todos. Isto non vai de colgarse medallas, isto vai de actuar xa, ou lamentarse despois. Ten que participar por suposto a Igrexa como propietaria, pero tamén o pobo de Lourenzá, coas diferentes asociacións e cos representantes políticos ó fronte e como non, as distintas administracións e porque non, empresas privadas e fundacións.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Lourenzá propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*1.-Iniciar as negociacións coa Igrexa para conseguir a cesión do Mosteiro de San Salvador.*

*2.- Crear unha mesa de traballo cos distintos grupos políticos do Concello para facer un seguimento das accións que se levaran a cabo no futuro e chegar a acordos sobre o que se quere facer no Mosteiro.*

*3.- Negociar coas distintas administracións públicas o financiamento necesario e a búsqueda de usos públicos do Mosteiro.*

*4.- Buscar tamén financiamento por parte de entidades privadas e fundacións sen ánimo de lucro.”*

A continuación e chegado este punto da orde do día, pediu a palabra, por unha cuestión de orde, o voceiro do equipo de goberno, Sr. Arango Ron, para explicar cal era a postura do equipo de goberno porque cría que ía a influír no que se tratara dado que se tiñan presentado, polos dous grupos da oposición, dous mocións , case idénticas, sobre o estado do Mosteiro de San Salvador, dixo tamén que lle parecía un pouco incongruente que nas mesmas se solicitaba a creación dunha mesa de traballo con representación dos tres grupos e a continuación presentar varias propostas para a súa aprobación.

Continuou dicindo que estaban de acordo coa creación dunha mesa de traballo e que a súa proposta era a creación de mesma e que as mocións quedarán sobre a mesa para así non hipotecar ningunha acción posterior e que o interesante sería que desa mesa saíran propostas consensuadas que posteriormente foran aprobadas no Pleno e tamén que fora competencia da mesa artellar fórmulas para canalizar as opinións da cidadanía.

Seguidamente tomou a palabra a Sra. Alcaldesa para manifestar que todos, máis o menos, estaban na mesma liña e dirección, que era tamén o sentir do pobo, que sería bo facer un fronte común como acababa de dicir o Sr. Arango e por iso sería bo crear nunha mesa de traballo onde se puxeran os puntos en común entre todos e que non se trataba de politizar o tema, que cada un tiña a súa visión e as súas ideas, e por iso cría que o mellor era deixalas sobre a mesa coa idea de reunirse e chegar a unha postura en común e establecer unha liña de dirección entre todos e escoitando tamén o pobo.

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

A continuación o Sr. Pérez Rocha, voceiro do BNG, pasou a ler a súa moción para posteriormente indicar que eles, en principio, non falaban dunha mesa, como facía o partido popular, porque entendían que unha mesa tería contido e sentido para funcionar unha vez que soberan o punto de vista das instancias superiores e se ían a querer entrar nos puntos que se incluían na moción, e que a instancia á Xunta de Galicia de reducir o prazo, ao máximo tempo posible, era algo no que deberían seguir insistindo e que non era cuestión de tratar nunha mesa.

Indicou tamén que, nesta mesma liña, esta petición fora presentada no Parlamento de Galicia, facía dous o tres meses, por un deputado do BNG e que se lle dera entrada pero aínda non fora contestada. Seguiu explicando que non sabían cales eran as opinións tanto do Bispado como da Xunta de Galicia, e por iso a súa proposta sería, en primeiro lugar, dirixir instancias ós distintos organismos e unha vez coñecida a súa postura, saber se tería sentido unha mesa de traballo cunha orientación, dado que unha mesa sen contido non a vían porque sen saber a cal era a postura e onde estaba cada un, non poderían traballar.

Polo Sr. Arango indicouse que precisamente a mesa sería para iso, para ir todos en conxunto, que polo que se refería ao primeiro punto non terían ningún problema, que de feito sabían que había un compromiso da Xunta de redactar, segundo dixera o técnico de patrimonio, nun prazo dun ano, un proxecto para o arranxo da cuberta do Mosteiro aínda que matizou que non deixaba de ser unha promesa.

Pola Alcaldía ratificouse o que comentou o Sr. Arango, indicando que, efectivamente, as chapas se ían retirar e que a Xunta de Galicia ía a elaborar un proxecto para facer a cuberta con lousa, indicando que ela era a primeira que non lle gustaba o parche que fixeran pero que tamén era verdade que senón se actuaba, era previsible que nuns anos caera todo, que polo menos o problema estaba parcheado, que fixeran ese paraugas provisional e que cando visitara as obras quedara sorprendida porque salvagardaran todo o que se podía manter, incluso as madeiras, que tiraran os falsos teitos e reforzaran as vigas deterioradas cunhas estruturas de ferro para aguantalas aínda que isto non quería dicir que non estiveran na liña de vixiar que, canto antes, se cumpriran os prazo e a cuberta de lousa puidera ser unha realidade.

Continuou explicando que estaba de acordo co que dicía o voceiro do BNG, de coñecer as posturas do resto das administracións pero que lle gustaría que antes de dirixirse as distintas administracións, se levara unha postura común de todos os grupos municipais e por

## Concello de Lourenzá







## Concello de Lourenzá

iso a razón de deixalo sobre a mesa.

Por parte do voceiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barrera, indicouse que a formación da mesa estaba ben pero que o equipo de goberno tiña que facer o seu traballo que era falar coas distintas administracións, que levaban seis anos e aínda non o fixeran, e que se tiñan falado co Bispo, concretaran sobre o que falaban, se estaban dispostos a facer algo, porque se dicían que non habería que ir a outro lado, xa que senón, pasaba o tempo e seguiríase sen facer nada.

Por parte do Sr. Rocha Pérez aclarouse que o seu grupo cando falaba de instancias, referíase a que non foran simples conversacións, que fora por escrito, tanto a solicitude como a resposta, de tódolos implicados, para saber un pouco onde estaba cada un.

Por parte da Alcaldía indicouse que por iso a importancia da mesa de traballo, para saber en que punto estaban tanto o equipo de goberno como os grupos da oposición, que de momento había un convenio co Bispo que era necesario renovar, que estaban pendentes de facelo, e que non sabía se xa comentara que a Igrexa barallaban distintas posibilidades, por un lado, unha cesión pública sempre que tivera uns usos determinados, e por outro, un inversor privado.

Neste punto, por parte do voceiro do BNG. Sr. Rocha Pérez, matizouse que o seu grupo non estaba a favor do inversor privado, que non querían que pasara a outras mans privadas (que xa as da igrexa o eran), que querían un servizo público para tódolos veciños e financiado polas institucións públicas, porque sacar un recurso dun ben inmovible cultural, que era do pobo, para darlo a unha empresa privada que se lucre con el, non era a liña ideolóxica do BNG.

Neste aspecto diferiron tanto o equipo de goberno como o partido popular xa que consideraban que un hotel ou un restaurante, tamén sería bo para o pobo. De aí que pola Alcaldía se insistira en que era boa idea o da mesa de traballo para expoñer todos os puntos que se estaban debatendo alí, e despois dun cambio de pareceres co voceiro do P. Popular, sobre se a cesión podería terse feita fai anos, e sobre se o mosteiro soamente se tivera deteriorado nestes seis anos que gobernou o partido socialista, e sobre que agora gobernaban o partido socialista e era a súa responsabilidade, pola Alcaldía afirmou que ela asumía que agora era a súa responsabilidade e que por iso era partidaria do debate nunha mesa de traballo dado que se estaba demostrando que había distintos puntos de vista.

Por parte do Sr. Arango Ron aclarouse que a súa oferta era crear unha mesa de traballo e que se esa oferta non lles valía aos grupos

## Concello de Lourenzá







## Concello de Lourenzá

da oposición, que o equipo de goberno ía a traballar na súa liña e, en consecuencia, se rexeitaban a mesa de traballo, non ían a apoiar esas mocións, porque ó final a responsabilidade era do equipo de goberno e especialmente da Alcaldía, e non costaba nada tratarlo tema na mesa de traballo e elaborar unha proposta conxunta como podería ser o de solicitar a redución dese ese prazo de catro anos, que a súa opinión particular sería non aceptar ningunha cesión que non fora acompañada dun financiamento previo porque outra cousa sería unha ruína para o concello.

O Sr. Rocha Pérez matizou que el en ningún momento se opoñía á mesa de traballo que ó único que dicía era que vía un pouco baleira de contido.

Pola Alcaldía apuntouse tamén o feito de coñecer as propostas das distintas asociacións, porque sempre se faría máis forza se ían todos xuntos.

O Sr. Rodríguez Barreira indicou que a ruína sería a mesma porque se caía todo encima ía a ser igual dado o niño de porcallada que había dentro, replicándolle pola Alcaldía que agora non era así porque limparan todo e que se comprometeran a selar as ventás e que agora estaba moito máis seguro, sen medo a que caera algo e que probablemente, de cara ao verán, puideran facerse visitas ao claustro, o que antes era impensable. Continuou dicindo que falar dunha cesión sen ter ningún compromiso de financiación era unha responsabilidade moi grande, indicándolles o voceiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barrera, que teríase que negociar non aceptar sen máis e que tiñan que ter todos os frontes abertos.

Ante a insinuación por parte do concelleiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barrera, de que ó equipo de goberno non lle interesaba que se sacara adiante a moción e que soamente querían a mesa, polo Sr. Arango Ron informóuselle que tiña varios folios para contestar e incluso de varias maneiras diferentes, que podería falar dos 1074 anos de historia e de quen sería a responsabilidade, sacando seis, de todos estes anos xa que o partido popular falaba, na súa moción, de deixamento.

Por parte do Sr. Rodríguez Barreira indicouse que el non responsabilizara a ninguén, que falaba de deixamento de non facer nada, de non ir falar con que había que falar sendo a súa responsabilidade.

O Sr. Arango manifestou que era importante chegar a posturas comúns e que esa postura común suporía que todos foran respectuosos co que se traballara na mesa e que se pedían que ninguén se colgara medallas, que non se fora á prensa a soltalo mitin.

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

O Sr. Rodríguez Barrera indicou que o único que fixera coa prensa era dicir que levaban unha moción ó Pleno, que iso non era ningún delito, que parecía que o problema era a prensa.

O Sr. Arango aclarou que o BNG tamén traía a moción e non fora á prensa e que para el por suposto que non era ningún problema a prensa que o que lle parecía mal era que na Moción falaran de non colgarse medallas e que os que querían colgarse medallas era eles. Pola Alcaldía indicouse que molestáballe que cun tema tan serio se chegarase a esa situación cando parecía que todos tiñan claro que non debía facerse política con este tema ao que o Sr. Rodríguez Barreira contestoulle que a razón de chegar a esta situación era que houbera xente que fora falar co equipo de goberno e non se lle dera resposta e que por iso foran a falar cos grupos da oposición e que o seu grupo, como representantes dos seus veciños, déralles a resposta de que ían a levalo ó Pleno, que se isto seguira calado ían a seguir igual e que nunca saíría o da creación dunha mesa de traballo, que de feito ía a aceptar o da mesa, e que se non se avanzaba, volverían ó mesmo, a presionar porque era a única forma que tiñan e que era a súa oferta.

O Sr. Arango Ron insistiu que o arranxo do Mosteiro ía para tempo pero que estaban prantexando un traballo conxunto, igual que se fixera coa Moción para o día das letras galegas e pola Alcaldía indicouse que non se trataba de non sacalo adiante senón que saíra coas propostas de todos, que ela estaba a favor dalgunhas das contidas nas mocións e en contra doutras, e que, ademais tiña outras propostas que poderían ser incluídas.

O Sr. Rocha Pérez indicou que estíbese chegando a un debate estéril que a súa opinión era que as instancias deberían ir antes da Mesa pero que, se ían a votar en contra, que non se opoñía a formación da mesa.

En relación coa suxestión apuntada pola Sra. Vázquez Abal de que tamén as asociacións poderían estar na mesa, comentouse que a mesa, en principio, estaría conformada pola Alcaldía e os voceiros dos tres partidos políticos e que despois decidirían eles.

Aclarado que o que terían que votar era se as mocións deixábanse sobre a mesa, os dos voceiros da oposición sinalaron que estaba claro que era a única opción, que senón as mocións non ían a saír adiante e que a única saída era a creación da mesa de traballo coa que ademais non estaban en contra e que o que querían era que saíra adiante, así que, ao final, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, ACORDOU:

**PRIMEIRO.-** Deixa-las mocións sobre a mesa e formar unha mesa de

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

traballo cos representantes dos distintos grupos políticos para presentar un traballo conxunto.

SEGUNDO.- Faculta-la Sra. Alcaldesa para a xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

### Outras Peticións: MOCIÓN BNG LIXO-AUGA 1º TRIMESTRE 2020.

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Nese punto, foi lida a moción polo voceiro do BNG., Sr. Rodríguez Rocha, sendo o seu contido literal o que segue:



“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



*Derivado dos peches perimetrais, primeiro o mercado pola Xunta, que implicaba a todos os concellos durante o mes de Febreiro, e despois o peche unicamente de Lourenzá, na Mariña, durante a pasada semana, o comercio local e a hostalaría viron os seus ingresos moi penalizados.*



*Polo que dende a institución local se debería axudar a paliar este desastre nas súas contas de maneira que nos é posible. Por iso, dende o BNG de Lourenzá cremos que se debe condonar o pago do lixo e auga do primeiro trimestre do 2021 o comercio e hostalaría local.*



*É certo que non só o sofren os comerciantes, tamén os seus traballadores que se viron obrigados a entrar en ERTE e viron reducidos os seus salarios. Polo que o BNG de Lourenzá, solicita que os traballadores/as laurentinos/as que se viran obrigados a estar en ERTE durante este primeiro trimestre de 2021 se lles condone o pago do lixo e auga do primeiro trimestre do 2021.*

ACORDO:

  Pleno da Corporación:

  Condonación do pago do lixo e auga do primeiro trimestre ao comercio e

  á laurentinos.

  Condonación do pago do lixo e auga do primeiro trimestre ós traballadores/as que estiveran en ERTE por causas do Covid durante o primeiro trimestre deste 2021.

(Neste momento da sesión incorporouse á mesma o concelleiro Sr. Reigosa Braña.)

Seguidamente, por parte da Alcaldía explicouse que aínda que o seu contido parecíalle xusto dadas as circunstancias dos veciños e veciñas, este punto estaba relacionado co tratado no punto quinto, que eles pedían a condonación do lixo e auga dos comerciantes, hostalaría e persoas que estiveran no ERTE, pero polo erro que tiveran aplicárase unha bonificación aplicada no segundo, terceiro e catro trimestre do ano pasado e todos os veciños non soamente a uns grupos determinados, deixárase de ingresar nas arcas municipais catorce mil euros e facendo un calculo do importe que se solicitaba na moción, supoñía moito menos, aproximadamente

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

ao redor de tres mil o catro mil euros.

Seguiu dicindo que lle gustaría que puidese facerse no carto trimestre do ano cando se facía a rebaixa polo canon de Sogama, incrementando a porcentaxe de bonificación a determinados grupos. Aclarouse ao Sr. Rocha Pérez que a bonificación feita non tiña nada que ver coa compensación polo canon de Sogama, que fora a maiores. Aclarado este punto, non obstante, o concelleiro indicou que o que solicitábase na moción era o primeiro trimestre do 2021 e a Alcaldía falaba do ano 2020 e que senón se podía facer no primeiro trimestre porque xa estaba moi avanzado, que se pasara no segundo trimestre.

Pola Sra. Alcaldesa informouse que se trataba de cambiar o primeiro trimestre polo carto e aproveitar a baixa que había que facer motivada polo non incremento de canon de Sogama.

Finalmente e explicándose pola Secretaría-Intervención que habería que concretar máis a que colectivos afectaría e como se faría para ver as persoas que tiveran estado no ERTE, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU que estudaríase a moción e se miraría a forma de aplicalo solicitado no carto trimestre do ano en curso.

### **Proposta de Resolución: MOCIÓN P.POPULAR MOSTEIRO SAN SALVADOR**

**Favorable**


**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Esta moción foi debatida conxuntamente coa presentada polo grupo municipal do BNG, polo que non se transcribe de novo dito debate e ambas quedaron sobre a mesa para a formación dunha mesa de traballo.

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A NUM.2020-1720 DE 16/11/2020 ATA A NUM.2020-2012 DE 30/12/20**

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenz

### **E DENDE A NM.2021-0001 DE 04/01/21 ATA A NM. 2021-0409 DE 12/03/21.**

A continuacin deuse conta  Pleno das Resolucins da Alcalda dende a Nmero 2020-1720 de data 16/11/2020 ata a Nmero 2020-2012 de data 30/12/2020 e dende o Nmero 2021-0001 de 04/01/21 ata a Nmero 2021-0409 DE 12/03/21 e que puideron ser consultadas electronicamente polos concelleiros no Libro de Resolucins da Alcalda.

### **DACIN DE CONTA PMP 4 TRIMESTRE 2020 E INFORME MOROSIDADE ANUAL 2020.**

Neste punto do orde do da e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificacin da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacins comerciais, dase conta do informe do CUARTO TRIMESTRE DO EJERCICIO 2020 relativo ao CUMPRIMENTO DO PERODO MEDIO PAGO A PROVEDORES E INFORME MOROSIDADE ANUAL de conformidade coa establecido na Disposicin Transitoria nica do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxa de clculo do perodo medio de pago a provedores das Administracins Pblicas e as condicins e o procedemento de retencin de recursos dos rximes de financiamento previstos na Lei Orgnica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpriuse no Cuarto trimestre do Exercicio 2020, posto que o Perodo Medio Global foi de 6,67 das. Ditos documentos foron remitidos  Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracins Pblicas o da 26/01/2021.

### **DACIN CONTA EXECUCIN PRESUPPOSTARIA 4 TRIMESTRE 2020.**

Chegado este punto da Orde do da deuse conta do informe emitido sobre a execucin do presuposto correspondente  CUARTO TRIMESTRE DO EJERCICIO 2020, que foi enviado ao Ministerio de Economa e Facenda o da 26/01/2021, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacins de subministro de informacin previstas na Lei Orgnica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

## Concello de Lourenz





## Concello de Lourenzá

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

#### PREGUNTAS P.P. FORMULADAS SESIÓN ANTERIOR DE 19/11/20.

1.-Resolución de alcaldía 2020-1640 da factura con concepto "comida na visita do presidente da Deputación a obras campo de fútbol" por importe de 327,98€, ¿Que nos poden contar de dita comida?.

Á repregunta da Alcaldía de que era o que quería saber da comida, polo voceiro do P. Popular indicouse que sobre todo os que asistiran dado o importe da mesma, e pola Alcaldía informouse que foran ela e o primeiro tenente de Alcalde así como o Presidente e varios deputados provinciais e que foran a visitar o Campo de fútbol e a Casa da Xuventude para coñecer o seu estado, e que a partires de ahí e ver que facíase necesario un arranxo, chegárase a un acordo para facelo.

2.-Resolución de alcaldía 2020-1683 da factura con concepto "programa de dinamización das parroquias, mes de Outubro, por importe de 1431,83€ ¿en que consisten eses programas e que empresa é a que factura?

Foi o programa da ximnasia de mantemento para todos os veciños que se fixera polas distintas parroquias que e a empresa que facturara fora Serviplus Total, e que estaba incluída dentro do Plan Único da Deputación, nas actividades deportivas e contestando sobre que os contrataba, dixo que mandaban eles á xente que impartía os cursos.

3.-Estanse facendo obras no Mosteiro, poden darnos algunha explicación de ¿que obras se están facendo, e porqué non hai licenza de obra?.

Esta pregunta xa non foi contestada por considerar que non procedía posto que xa fora explicada noutro pleno.

4.-Na xunta de goberno local do 29 de outubro de 2020 aparece unha factura de Talleres Fernando e Manolo por importe de 3590,97€, ¿cal é o concepto? .

A Sra. Alcaldesa explicou que tratábase dun arranxo da motobomba concretamente do embrague e das cardillas, que fora un arranxo bastante grande, que xa era o segundo, que era unha das necesidades e que lle pedirían á Xunta un vehículo novo que de feito este ano non pediran a brigada de incendios precisamente polo estado do vehículo e que esperaban que o partido popular botaralle unha man na petición á Xunta, o que contestoulle o Sr. Rodríguez

## Concello de Lourenzá







## Concello de Lourenzá

*Barrera que este ano pediran unha pala e non unha motobomba ó que pola Alcaldía indicouse que a pala pedirana polo Fondo de Compensación porque necesitábana pero que a motobomba podían solicitala por outra liña.*

*5.-Na xunta de goberno local do 29 de outubro de 2020 aparece unha factura de xel hidroalcolico por importe de 6.993€, ¿van repartilo entre os nosos comerciantes e hostaleiros?*

*Esta pregunta tampouco foi contestada por estar xa aclarada e porque xa fora repartido o xel.*

### **Pregunta BNG: Pregunta Fernández del Riego**

1.-Despois de aprobarse a moción por unanimidade de solicitar a adicación do día das letras Galegas 2021 a Francisco Fernández del Riego, non volvemos a saber como quedara a situación sobre este asunto.

1.- Cal foi a resposta da Xunta de Galicia?.

2.- Cal foi a resposta da RAG?.

3.- Xa que no ano 2021 non foi posible, vaise solicitar que se lle adique nos próximos anos?.

Nesta pregunta tomou a palabra o concelleiro de cultura, Sr. Arango Ron, indicando que ía a contestar as dous preguntas á un tempo, posto que tamén a fixera o Partido Popular, e informou que mandárase a certificación do acordo, ao Presidente da Real Academia Galega, o día vinte e cinco de novembro ( o pleno fora o día vinte e un) e sobre o resto das preguntas, informou que, polo que el sabía, a Real Academia non contestaba a todas as peticións de candidaturas que se presentaban, que elixía a un candidato e o facía público. Continuou dicindo que este ano terían que volver a facer o mesmo, reunirse todos os grupos para facer unha solicitude en conxunto e que sería mellor facelo antes , o ano pasado fora en novembro, e este ano poderíase incluír no próximo pleno e tamén poderíase mandar o acordo a outros concellos da Mariña, incluso ó Concello de Vigo e a outras institucións, para que a apoiaran.

### **Pregunta BNG: Pregunta rúa muiño do frade**

2.- Durante as obras do teito do Mosteiro de San Salvador cortouse a rúa “Muiño do frade”, para a colocación dunha grúa e andamios.

PREGUNTA: Pagan algunha taxa pola ocupación do vial?.

A Alcaldía indicou que non pagaban ningunha taxa porque estaban

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

exentos e comentouse que polo menos podían poñer unha sinal para non ter quedar a volta a todo o pobo.

### **Pregunta P.POPULAR: Preguntas pleno de Marzo 2021**

#### 1.- Fai moitos anos que non se fan labores de desratización, porque?

Pola Alcaldía contestouse que facía pouco fixérase en lugares puntuais, que, efectivamente, en todo o alcantarillado do concello había bastante tempo que non se actuaba, que recoñecía que era necesario e que estaban mirando, que tiñan algunha oferta, que sabía que, incluso algunhas empresas que levaban o mantemento da auga, ofrecían ese servizo, e que ían a estudar como facelo.

#### 2.-Qué fixeron co acordo por unanimidade deste pleno, no que referente a solicitar a adicación do día das Letras Galegas 2021, a D. Francisco Fernández del Riego?.

A Sra. Alcaldesa indicou que xa fora contestada coa pregunta formulada no mesmo sentido polo BNG.

#### 3.- Poden explicarnos as labores que fixo o tractor durante os meses de inverno e finais do outono?.

A esta pregunta contestou o concelleiro delegado, Sr. Huertas Otero, indicando que, se referíase aos meses de novembro, decembro e xaneiro, que efectivamente estiveran desbrozando seguido e que foran a Cazolga, Camiño de San Rosendo, Tiagonce, Villapol, Pousada e á pregunta de que fixeran pistas que xa estaban rozadas como a de Canedo e que non foran ó monte, indicouse polo concelleiro que tiveran reunións con distintas asociacións veciñais e que atenderan as peticións que lles fixeran e que ó monte non estaba contemplado aínda que tamén se rozara algunha que pediran os veciños, que el era o encargado do Plan, que se facía como el consideraba que era o máis apropiado e urxente segundo as distintas peticións.

#### 4.- Qué pistas e estradas van arranxar neste 2021 e que criterio seguen?

Pola Alcaldía indicouse que o criterio seguido era o das necesidades segundo o estado da cada pista, e por parroquias, actuando en diferentes zonas para non centralizar todo nun mesmo sitio e así, dentro do Plan Único da Deputación ía a estrada que vai a Tiagonce, debaixo da ponte da estrada de Masma ata o enlace coa da Cazolga e tamén o acceso que vai a Rega; a estrada que vai a Pousada collendo antes da casa do Cuzo ata a que ven do polígono industrial; a rúa Rego Vilazo e a estrada que vai a Recemil diante do Albergue e Centro de Día e ao redor do ximnasio.

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

Explicou tamén que todas irían con aglomerado en quente e que neste caso centrábanse na zona de Vilanova, pero non no casco urbano.

Dentro do Plan Marco da Xunta, estaría incluída a pista da Franca ata a casa de María Xose; a pista de acceso á Alaxe, dende a casa do zapateiro ata os invernadeiros do fillo de Ricardo e a pista que vai dende a casa de Pedro do sarxento, por diante da casa do montañés e dos mecheros ata o cruce da casa de Canducho; estas irían en rego asfáltico, e estarían ubicadas na parroquia de San Xurxo.

Tamén están pendentes de executar dentro do Plan Único do 2020 o camiño que vai dende a igrexa de Santo Adrao por Chacote, subindo Canedo ata pasar a casa de Estebo e ademais coa baixa da obra, meteuse o camiño que vai a enlazar con este, dende a casa do Cuco ata o Camiño A, ata a explanada de pedra. Rematou dicindo que tiñan algunhas previsións máis pero estas eran as que estaban xa fixas.

Finalmente aclaroulle a dúbida ao Sr. Rodríguez Barrera no sentido de que non estaba incluída a pista que ía dende a Pena ata a Ribeira, por Villapol, porque estaba bastante ben e non facía falla amañala polo momento.

5.- Según nos comunicaron algúns hostaleiros e xel hidroalcoholico que repartiron non cumpre as esixencias de sanidade, que van facer?.

A Alcaldía indicou que tiñan a ficha técnica e que cumpría as esixencias que non ían a xogar cun tema tan serio, aclarando o Sr. Huertas Otero que a inspectora de sanidade rectificara a orde de retiralo.

6.- Xa fai un ano desta dichosa pandemia, polo tanto poden explicarnos ¿ que medidas tomaron para que no caso dun positivo dun traballador nas oficinas non haxa que pechar o concello? ¿ e co persoal da rúa?.

Polo Sr. Huertas indicouse que se tomaran as medidas como no resto das empresas e que se puxeran mamparas, máscaras, xeles e distancia e que fora estaban por equipos: electricidade, limpeza, albanelería e carpintería e que en principio e, polo que respecta ás oficinas, non se plantexaran o teletraballo .

O Sr. Rodríguez Barrera apuntou que se aparecía algún un positivo terían que pechar as oficinas.

Pola concelleira, Vázquez Abal, indicouse que non se tiña porque pechar, que ela no seu traballo pasaran por esa experiencia e que non se pechara, que habería que buscar xente que quedara nas oficinas ao que o Sr. Rodriguez Barrera apuntou que gustaríalle saber como, e que se facíase teletraballo, poderían vir os que

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenzá

estiveran na casa.

Por parte do Sr. Huertas Otero indicouse que o Concello de Barreiros tampouco pechara aínda que Alcaldesa dera positivo.

A continuación abriuse un pequeno debate sobre o que considerábase un un contacto directo, que tíñase que ter estado máis de quince minutos e sen máscara e senón, as veces, non era necesario nin confinamento e que de feito a Alcaldesa sempre estivera coa máscara no concello polo que, posiblemente, o persoal non se considerara contacto directo se ela tivera dado positivo.

7.- Na Xunta de Goberno Local do 22 de febreiro, viña a certificación da obra do campo de fútbol, estaba todo en orde?

Pola Alcaldía indicouse que estaba todo correcto, que a arquitecta técnica da Deputación certificou a obra e senón, non o houbera feito.

8.- Estiveron bacheando algunhas pistas cunha especie de zahorra, ¿vai ser unha práctica habitual?¿O aglomerado en quente non é bon para esas labores?.

Pola Alcaldía indicouse que se referíase a algunhas pistas en concreto, que a que se refería se lle botara zahorra porque era unha pista que se ía a arranxar en dous meses e ir a buscar aglomerado en quente para un bache puntual, consideraban que era gastalos cartos.

9.- No paseo fluvial polo Muiño do Pereiro da a sensación que botaron sulfato para controlar a herba, é iso certo? Se é certo ¿non lles parece que co río ó lado non é que digamos moi ecolóxico? ¿e visualmente?.

Por parte do Sr. Huertas indicouse que se mataran algunhas malas herbas e ortigas, que se usara o mesmo produto que utilizaban os veciños para as malas herbas que saían nas fabas, que fora algo moi puntual, que efectivamente quizás non fora moi adecuado nunha zona dese tipo.

10.- ¿ Que pasa co convenio coa protectora de animais?.

Pola Sra. Alcaldesa contestouse que era unha pregunta recorrente por parte do grupo popular e que como xa dixerá outras veces, tíñase asinado un convenio coa Protectora de Alfoz pero que a causa dun temporal e que, dende aquela, estaban en xuízo coa construtora da obra e que por iso, polo momento, non se podía asinar outro convenio, que desexaba que se amañara pronto pero que aínda así, elas seguían atendendo os casos, e tódalas veces que se chamara porque había algún animal solto, sempre viñeran a recollelo. Ante a suxestión do Sr. Rodríguez Barrera de asinar con outra asociación, contestou que estaba moi contenta coa de Alfoz e que dado que seguían prestando o servizo, prefería agardar a que se

## Concello de Lourenzá





## Concello de Lourenz

solucionara o tema. Comentouse tamn que os animais os levaban a outras protectoras ou os daban en adopcin.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Lourenz

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenz. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506



Cod. Validacin: 4KWS6KHYYCSPH9QSCRXYXJKFJ | Correccin: <https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Pxina 37 a 37